

Concurso de IDEAS PARA MELLORAR A CIDADE DE SANTIAGO COA CHEGADA DO AVE
LEMA: aluaTRTJ

AUTOR

Joaquín Gutiérrez Souza

Tlfono_ 646283083

Mail_ jgutierrez@coag.es

COLABORADORES:

Ramón Viéitez Rodríguez

Yolanda Cabaleiro Barroso

Patricia Gladys Varela Weber

Sandra González Rial

Adolfo Viéitez Vázquez

Alfonso Fernández Cao

Rubén Fernández Lombardero

A solución adoptada intenta acadar los obxectivos solicitados nas bases do concurso cunha estación intermodal que non supere a cota do paseo suxerido na Rua do Hórreo tratando de crear un espazo que sexa unha transición entre a cidade e a zona das Brañas do Sar intentando liberar á cidade desa barreira que supón as vías do tren e xerando un amplo espazo público e de lecer que sexa complemento dos que actualmente conviven na cidade de Compostela.


A proposta da estación do AVE concíbese como unha formulación global directamente relacionado co trazado do paso inferior do tramo Cornes-Hórreo e a urbanización e paseo sobre devandito vial. Suxírese realizar o acceso á estación de buses e ao parking da intermodal por un vial de novo trazado que unha a rotonda do Sar coa Rúa de Vedra; que é a entrada ao barrio de Ponche Pedriña en que tamén se propón unha urbanización coa creación dun parque e uns equipamentos.





O acceso á estación producirase como ata agora pola Rua do Hórreo salvando a cota do aparcamiento actual cunha gran plataforma que comunícase dita rúa coa cuberta superior da estación na que se situase a zona de expedido de billetes e información e accesos aos andenes de trens e autobuses.

A cuberta da estación convértese en protagonista da proposta como un novo e gran espazo público e de lecer da cidade, que pode ser utilizado para grandes eventos culturais, posibilitando a descentralización dos mesmos da cidade histórica e xerando un novo punto de encontro que lle permita á cidade a liberación dos grandes fluxos de xente que a inundan durante certas épocas do ano.


A cuberta permite unha transición entre a cidade e As Brañas do Sar, antes imposible polas vías do tren, onde se crearía un gran parque urbano complemento da gran praza pública e complemento tamén da ampla zona das Brañas do Sar que sería interesante tratar para preservar a súa ecosistema.

Con esta intervención súcítase tamén a necesidade dun estudo global dos medios de transporte no ámbito supramunicipal que permita unha boa comunicación coas cidades dormitorio que surten a diario de persoas a Compostela e a posibilidade de crear un servizo que unha o límite da cidade histórica con posibles bolsas de aparcamiento situado en puntos estratéxicos unindo enclaves importantes como o acceso Norte da Autopista que une as cidades máis importantes de Galicia e os puntos críticos de acceso á cidade polas cidades dormitorio antes citadas.





SECCIÓN 1



SECCIÓN 2

